

PRESIDENTA:

Dona Iria Lamas Salgueiro en substitución
Dona M^a Victoria Alonso Méndez

VOGAIS:

Don Gorka Gómez Díaz en substitución de
Dona Olga M^a García Ballesteros
Don Manuel González Martínez en
substitución de Dona Iria Lamas Salgueiro
Dona Raquel Giráldez Armas
Dona Ana María Mejias Sacaluga
Dona Ana Laura Iglesias González
D. Santos Hector Rodriguez Díaz
Dona Noemí Outeda Prol
Dona María Paz Lago Martínez
D. Jorge Cubela López
D. Manuel Alejandro Lorenzo Alonso
D. Javier Tourís Romero
D. Ignacio Maril Pardo
D. José Carlos López Campos
D. José Alfonso Marnotes González
Dona María Ortega Iñarrea
Don Cesáreo Mosquera Lorenzo

**ACTA DA REUNIÓN ORDINARIA DA
COMISION INFORMATIVA DE
IGUALDADE CELEBRADA O DIA 21
DE ABRIL DE 2023**

En Pontevedra, sendo as doce horas e dezasete minutos do día 21 de abril de 2023, reúnense na Sala de Xuntas da Deputación de Pontevedra, baixo a Presidencia de Dona Iria Lamas Salgueiro en substitución de Dona María Victoria Alonso Méndez, as señoras e señores deputados que ó marxe se sinalan, membros da Comisión Informativa de Igualdade.

Actúa como Secretaria, por delegación do Sr. Secretario Xeral, Dona Ana Isabel Amoedo Garrido, adxunta xefatura do Servizo de Igualdade.

Aberta a Sesión pola Presidencia, adoptáronse os seguintes acordos:

1. APROBACIÓN DO BORRADOR DA ACTA DA SESIÓN ORDINARIA DO 24 DE MARZO DE 2023.

A comisión acorda prestar aprobación, por unanimidade, a acta da sesión ordinaria celebrada o día 24 de marzo de 2023.

2. DAR CONTA DA CONVOCATORIA DA TERCEIRA EDICIÓN DOS PREMIOS MULLERES NO FOCO (Expediente 2023013602)

A xefa do Servizo de Igualdade elabora un informe con data 18 de abril de 2023, para dar conta ás persoas asistentes á comisión informativa de Igualdade da convocatoria da III edición dos premios Mulleres no Foco, cuxo contido literal é o seguinte:



"A Lei Orgánica 3/2007 de 22 de marzo para a igualdade efectiva de mulleres e homes, que se constitúe como o marco xurídico e legal da igualdade entre mulleres e homes a nivel de todo o Estado Español, a Lei orgánica 1/2004, do 28 de decembro, de medidas de protección integral contra a violencia de xénero e, o Decreto legislativo 2/2015, do 12 de febreiro polo que se aproba o texto refundido das disposicións legais da Comunidade Autónoma de Galicia en materia de igualdade; recollen que os poderes públicos no marco das súas competencias, adoptarán medidas específicas en favor das mulleres para corrixir situacións patentes de desigualdade de feito respecto dos homes co fin de facer efectivo o dereito constitucional da igualdade.

A citada lei de igualdade, tamén recolle que serán criterios xerais de actuación dos Poderes Públicos a integración do principio de igualdade de trato e de oportunidades no conxunto das políticas económica, laboral, social, cultural e artística, con fin de evitar a segregación laboral e eliminar as diferencias retributivas, así como potenciar o crecemento do empresariado feminino en todos os ámbitos que abarque o conxunto de políticas e o valor do traballo das mulleres

A consecución da igualdade real e efectiva de mulleres e homes en todos os ámbitos da vida social, política, económica e cultural e, a loita contra a violencia de xénero constitúen unha das principais liñas estratéxicas de actuación da Deputación de Pontevedra que impulsa a través do Servizo de Igualdade.

Tal e como mostra ano a ano o informe da Asociación de Mulleres Cineastas e de Medios Audiovisuais- CIMA, a muller sofre maior invisibilidade e menor presenza no audiovisual, especialmente na dirección.

Segundo este informe, o sector da longametraxe español é un sector masculinizado onde se reproduce de maneira literal a segregación laboral vertical e horizontal en base ao sexo de cada profesional; a representatividade das mulleres nos principais cargos de responsabilidade é mínima. En canto aos aspectos económicos, os estudos referentes aos custes das largometraxes confirman que as mulleres traballan con contías que supoñen a metade dos importes con os que traballan as longometraxes que están liderados por homes. Se falamos dos sistemas de subvencións estatais, autonómicas ou específicas do programa IBERMEDIA, practicamente atopamos o citado anteriormente: brechas que oscilan sobre o 50%. Cabe destacar que, nestas liñas de axuda, a representatividade de títulos liderados por mulleres é cada vez maior, coincidindo coa aplicación e desenvolvemento dos baremos de xénero na maioría dos casos. Con todo, non podemos esquecer que a representatividade ha de ir acompañada de dotación orzamentaria. Sen igualdade económica, non hai igualdade. Partimos, pois, dunha dificultade engadida para as mulleres de chegar a postos de liderado dentro do sector da longametraxe que se une a unha serie de superposicións de situacións



de desigualdade económica para financiar os seus proxectos.

Dende o Servizo de Igualdade, dentro das súas múltiples liñas de actuación, quérese poñer en valor o traballo da muller no audiovisual galego, co fin de mudar as cifras de infrarrepresentación actuais das profesionais do sector.

Tendo en conta o anteriormente exposto, a Deputación de Pontevedra convoca a terceira edición dos Premios #MULLERESNOFOCO, co obxecto de incentivar, apoiar e recoñecer o papel das profesionais galegas do audiovisual, e incidir de forma directa na participación e a promoción destas no sector.

Trátase dunha convocatoria aberta para a recepción de candidaturas nas que se distinguirán perfís con perspectiva de xénero, activistas polo recoñecemento da muller no sector, impulsoras do emprego feminino no audiovisual galego, obviamente alén da súa traxectoria persoal e o seu talento.

As candidaturas os premios #MULLERESNOFOCO, correspondentes o ano 2023, serán presentadas polas persoas que conformen o xurado dos premios ou polas entidades locais, culturais ou profesionais de ámbito galego que pola súa natureza, fins ou obxectivos estean relacionadas co sector audiovisual.

As premiadas nas pasadas edicións non poderán ser propostas para esta segunda edición.

As candidaturas poden presentarse no prazo dun mes, contados a partir do día seguinte a publicación desta convocatoria no Boletín Oficial da Provincia de Pontevedra (BOPPO).

A contía total prevista para estes premios será de 15.000 €, con cargo á aplicación orzamentaria 23/250.2315.480.03, do vixente orzamento provincial. Haberá 3 premios con cadansúa dotación económica de 5.000€."

3. DAR CONTA DA CONVOCATORIA DA PRIMEIRA EDICIÓN DOS PREMIOS HAI UNHA VOZ (Expediente 2023013608)

A xefa do Servizo de Igualdade elabora un informe con data 18 de abril de 2023, para dar conta ás persoas asistentes á comisión informativa de Igualdade da convocatoria da I edición dos premios literarios Hai unha voz, cuxo contido literal é o seguinte:

"A consecución da igualdade real e efectiva de mulleres e homes en todos os ámbitos da vida social, política, económica e cultural e a loita contra a violencia de xénero constitúense como unhas das principais liñas estratéxicas de actuación da Deputación de Pontevedra, que son impulsadas desde do Servizo de Igualdade; entre elas destacan a recuperación do legado das mulleres autoras e editoras e a visibilización do traballo das mulleres na literatura co fin de combater a discriminación sufrida ao longo da historia.



A Lei Orgánica 3/2007 de 22 de marzo para a igualdade efectiva de mulleres e homes, que se constitúe como o marco xurídico e legal da igualdade entre mulleres e homes a nivel de todo o Estado Español, a Lei orgánica 1/2004, do 28 de decembro, de medidas de protección integral contra a violencia de xénero e, o Decreto legislativo 2/2015, do 12 de febreiro polo que se aproba o texto refundido das disposicións legais da Comunidade Autónoma de Galicia en materia de igualdade; recollen que os poderes públicos no marco das súas competencias, adoptarán medidas específicas en favor das mulleres para corrixir situacións patentes de desigualdade de feito respecto dos homes co fin de facer efectivo o dereito constitucional da igualdade.

A citada lei de igualdade, tamén recolle que serán criterios xerais de actuación dos Poderes Públicos a integración do principio de igualdade de trato e de oportunidades no conxunto das políticas económica, laboral, social, cultural e artística, con fin de evitar a segregación laboral e eliminar as diferencias retributivas, así como potenciar o crecemento do empresariado feminino en todos os ámbitos que abarque o conxunto de políticas e o valor do traballo das mulleres

Desde hai sete anos, a Biblioteca Nacional de España, en colaboración coa Asociación Clásicas y Modernas, organiza o Día das Escritoras, unha iniciativa que ten por obxectivo reivindicar o labor e o legado das escritoras na historia. A data elixida para esta celebración é o luns máis próximo á festividade de Tareixa de Xesús (1515-1582), o 15 de outubro.

A Deputación de Pontevedra quíxose sumar a esta iniciativa coa realización de diferentes actividades na provincia. En 2021, uniuse á citada celebración da sexta edición e conmemorou este día o 8 de novembro de 2021 no castelo de Soutomaior cunha xuntanza de mulleres, encontro de autoras e editoras galegas e xestoras públicas da institución provincial.

Tras os faladoiros e as reflexións, o debate concluíu coa sinatura do histórico Manifesto de Soutomaior. Nel denúncianse as diferentes situacións de desigualdade que existen no mundo da escrita e propónse un plan de acción para rachar con elas. O documento recolle as firmas de dezanove mulleres, entre elas, autoras, editoras, libeiras e xestoras públicas. Estas mulleres, persoas de recoñecida competencia nos seus respectivos ámbitos de actividade, son referentes directos, xa que son as promotoras na análise e na detección das situacións de desigualdade denunciadas no manifesto.



O "Manifesto de Soutomaior" recolle doce decisións que deben servir de referencia futura para conseguir a igualdade na creación e produción artística e intelectual. O documento reclama dereitos para as mulleres, neste caso para as mulleres da cultura e das letras nas que tamén existe a fenda de xénero

Unha das iniciativas sinaladas dentro deste manifesto é "esixir o recoñecemento das obras das escritoras galegas e da súa traxectoria literaria mediante premios", motivo polo cal se crean estes premios.

Para traballar en prol da consecución dos obxectivos marcados neste documento histórico, creouse a comisión de seguimento do Manifesto de Soutomaior que revisa cada unha das doce decisións tomadas e elabore un plan de acción contra a desigualdade no que se recollen as medidas para reducir a fenda de xénero na esfera da escritura porque no mundo editorial e literario galego a situación das autoras e editoras é, aínda, desalentadora

Ante o exposto, a Deputación de Pontevedra convoca a primeira edición dos Premios Literarios "Hai unha voz", coa finalidade de incentivar, apoiar e recoñecer ás mulleres galegas que se distinguan pola súa traxectoria no ámbito literario, incidindo de forma directa na súa participación ou na promoción no sector. Os premios recoñecerán a achega destacada de mulleres galegas que se distinguan pola súa traxectoria vinculada ao eido literario durante o ano 2022.

Poderán ser candidatas as mulleres galegas que se distinguan pola súa traxectoria vinculada ao eido literario, durante o ano 2022, e que se encadren nunha das seguintes categorías: escritoras, editoras, así como as profesionais do sector do libro.

As candidaturas a estes premios, correspondentes o ano 2023, poderán presentalas as persoas integrantes da Comisión de Seguimento do Manifesto de Soutomaior ou as entidades locais, culturais ou profesionais de ámbito galego que pola súa natureza, fins ou obxectivos estean relacionadas co sector literario, sen que as candidatas se poidan postular a si mesmas

As candidaturas poden presentarse no prazo dun mes, contados a partir do día seguinte a publicación desta convocatoria no Boletín Oficial da Provincia de Pontevedra (BOPPO).

A contía total prevista para estes premios será de 15.000 €, con cargo á aplicación orzamentaria 23/250.2315.480.04, do vixente orzamento provincial. Habrá 3 premios con cadansúa dotación económica de 5.000€



4. DAR CONTA DA CONCESIÓN DAS BOLSAS ÁS SELECCIONADAS DA III EDICIÓN DO PROGRAMA "DESCÚBREAS" (Expediente 2023005185)

A xefa do Servizo de Igualdade elabora un informe con data 18 de abril de 2023, para dar conta ás persoas asistentes á comisión informativa de Igualdade da convocatoria da concesión das bolsas ás seleccionadas da III Edición do Programa Descúbreas , cuxo contido literal é o seguinte:

"Descúbreas é un programa que ten como obxectivo articular accións que axuden a compensar as dificultades coas que se atopan actualmente as mozas na escena musical, que impiden que se dediquen profesionalmente á música cando rematan os seus estudos. Cómpre rachar cos obstáculos que dificultan o desenvolvemento da súa carreira e imposibilitan que teñan as mesmas oportunidades que os seus compañeiros varóns.

A desigualdade de oportunidades entre mulleres e homes, a día de hoxe, na industria musical é unha realidade, reflexada nos datos relativos o número de rapazas que cursan estudos nas escolas de música, entorno o 45% do alumnado, e sómente o 15% dedícanse profesionalmente o remate dos estudos. Outro exemplo desta desigualdade é a brecha de xénero existente na oferta musical, na maioría dos carteis dos festivais de música do noso país, é habitual que as cabezas de cartel sexan bandas maioritariamente masculinas.

A Deputación de Pontevedra puxo en marcha en 2021 un proxecto que ten como fío condutor o apoderamento das nenas e das mulleres no ámbito musical e a visibilización da música de autoría feminina, ao amosar referentes cunha traxectoria consolidada en todos os ámbitos do sector musical: na produción, na composición ou na interpretación, entre outros.

O programa comprende unha serie de accións dirixidas a xerar as condicións óptimas para acadar un espazo de encontro no que se leven a cabo actividades relacionadas co protagonismo da muller na historia da industria musical, con especial fincapé na música feita por elas, nas que amosen o seu sentir en primeira persoa, as súas inquietudes, reivindicacións ou reflexións a través da súa propia ollada. O obxectivo deste espazo é que as estudantes de música novas, ou con inqueda musical, encontren referentes reais, coñezan artistas na súa mesma situación e poidan trasladarlles as súas consultas a artistas xa consolidadas.

A proposta ten dous fíos condutores: por unha banda, unha plataforma web, que albergará todos os contidos que conforman o programa "Descúbreas", cun directorio, cunha axenda,



con titoriais acerca do funcionamento da industria musical e cunha consultoría en liña; por outra, un programa de mentoría, dirixido a oito nenas e mozas de entre 16 e 35 anos da provincia de Pontevedra, que terá como resultado a gravación das súas propias cancións e vídeo musical.

O propósito da mentoría é acompañar as rapazas nos seus primeiros pasos: contactar e familiarizarse cos procesos iniciais ata conseguir os seus primeiros contidos, unha canción, un vídeo musical, un concerto. Trátase de motivar as novas xeracións de rapazas para vencer as "barreiras invisibles" no sector musical.

Por Resolución Presidencial núm2023001269 de data 14 de febreiro de 2023, aprobáronse as bases reguladoras da III edición do programa "Descúbreas", para a selección das oito rapazas participantes no programa de mentoría. Ditas bases publicáronse no BOPPO núm. 33 de 16 de febreiro de 2023.

A esta convocatoria presentáronse un total de trece persoas. Tras requirimento de emenda de documentación, participan no proceso selectivo as 13 mozas.

De conformidade coa cláusula décima segunda das bases reguladoras da III edición do programa "Descúbreas", mediante Resolución Presidencial núm. 2023002498, de 27 de marzo de 2023, noméanse ás persoas integrantes do xurado. Posteriormente esta resolución foi rectificada pola Resolución Presidencial núm. 2023002612, de 30 de marzo de 2023.

O día 31 de marzo de 2023, reúnense na Sala de Comisións do Pazo Provincial, as persoas integrantes do xurado nomeado para emitir o resultado da III edición do programa "Descúbreas", para a selección das oito rapazas participantes no programa de mentoría.

Que con data 14 de abril de 2023, Intervención fiscaliza e conforma o informe proposta de concesión destas bolsas.

Á vista da Acta das persoas integrantes do xurado, tras a valoración de méritos, o traballo presentado e a entrevista realizada a cada unha das mozas que se presentaron ao proceso selectivo e tendo en conta os criterios de valoración sinalados na base décimo segunda das bases reguladoras da convocatoria da III edición do programa "Descúbreas", concédense as bolsas para participar no Programa de mentoría de Descúbreas, a favor das persoas seleccionadas que se relacionan a continuación,



<i>Cód. expediente</i>	<i>DNI</i>	<i>Nome e apelidos</i>
2023017398	***5086**	Lidia Barreiro Aldao
2023017698	***8264**	Arancha Rodriguez Gonzalez
2023017728	***2189**	Sara Mínguez Lopez
2023017416	***1989**	Alba Ermida Area
2023017709	***6358**	Lucía Garcia Giráldez
2023017417	***6629**	Andrea Garriga Martinez
2023016184	***7389**	Nerea Gándara Prado
2023017408	***1147**	Laura Marino Vega

O valor estimado de cada beca ascende a 1.000€. As oito participantes seleccionadas participarán nun proceso de mentoría titorizado por persoal especializado do programa "Descúbreas", cunha duración estimada de catro (4) meses, e terán acceso a:

- Formar parte dun itinerario individualizado en función das características de cada alumna.*
- Nel detallaranse as sesións de mentoría, das que se fará un seguimento pormenorizado*
- Gravar unha canción propia nun estudio*
- Gravar e realizar un vídeo musical propio*

5. ROGOS E PREGUNTAS.

Non se levan a cabo intervencións neste apartado.

E non habendo máis asuntos, a presidenta levanta a sesión, sendo ás doce horas e dezanove minutos, do que eu, como secretaria, dou fe.

Asinada dixitalmente na data que figura na marxe.

